

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PRIVADA ESCUELAS UNIVERSITARIAS GIMBERNAT PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DA ESCUELA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA E FISIOTERAPIA GIMBERNAT

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 17.06.2024, coa Fundación Privada Escolas Universitarias Gimbernata o instrumento convencional arriba referido, que iniciou a súa vixencia o día da súa firma e finalizará cando finalice o curso académico. Para estes efectos enténdese que o curso académico iníciase o 1 de outubro de cada ano e finaliza o día 30 de setembro do ano seguinte.

O convenio poderá prorrogarse expresamente por cursos académicos, salvo que algunha das partes manifeste por escrito, cun mes de antelación ao seu fin, a súa vontade de que non se prorrogue e sempre dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a realización de prácticas académicas externas -non remuneradas- por parte dos estudantes da Escola Universitaria de Enfermería y Fisioterapia Gimbernata, nos centros de traballo do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Escola Universitaria de Enfermería y Fisioterapia Gimbernata, é un centro adscrito á Universidade Autónoma de Barcelona, autorizada a súa creación en virtude do Decreto 193/1985, do 20 de xuño da Generalitat de Catalunya, que imparte os estudos que conducen á obtención dos títulos de Graduado en Enfermería; Graduado en Fisioterapia; Máster Universitario de Investigación Translacional en Fisioterapia; Máster Universitario en Fisioterapia do Tórax; Máster Universitario en Osteopatía e Máster Universitario en Fisioterapia en Pediatría.

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro,

do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Ten atribuídas as competencias necesarias para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

É o interese de ambas as partes, establecer un marco de colaboración para a realización de prácticas académicas externas por parte dos alumnos da escola, a fin e efecto de permitirlles aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten o seu acceso laboral e fomenten a súa capacidade emprendedora.

En atención a este interese, de acordo co o exposto e de conformidade co Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, ambas as partes formalizan este convenio de cooperación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

